



Concello de  
**Vilagarcía de Arousa**  
Conservatorio Profesional de Música

**Programación  
DIDÁCTICA ORQUESTRA  
Grao Profesional**



# Índice

---

<b>1</b>	<b>Introdución.....</b>	<b>4</b>
1.1	Marco Legal.....	4
1.2	Características do centro.....	6
1.3	Características do alumnado.....	6
<b>2</b>	<b>Obxectivos xerais das ensinanzas musicais.....</b>	<b>8</b>
2.1	Grao Profesional.....	8
<b>3</b>	<b>Obxectivos específicos das ensinanzas musicais.....</b>	<b>9</b>
<b>4</b>	<b>Obxectivos, contidos e criterios de avaliación da materia de Orquestra.....</b>	<b>10</b>
4.1	Grao profesional da materia de Orquestra.....	10
4.1.1	Obxectivos.....	12
4.1.2	Contidos.....	12
4.1.3	Criterios de Avaliación do Grao Profesional.....	13
4.1.3.1	Procedementos e ferramentas de avaliación.....	14
4.1.3.2	Criterios de cualificación aplicables a todos os cursos.....	15
4.1.3.3	Sistema de control da asistencia do alumnado.....	16
4.1.3.4	Medidas de recuperación ao longo do curso académico.....	16
4.1.3.5	Procedemento de recuperación da convocatoria ordinaria.....	16
4.1.3.6	Procedemento de recuperación da convocatoria extraordinaria.....	17
4.1.3.7	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	17
<b>5</b>	<b>Metodoloxía.....</b>	<b>18</b>
5.1	Principios metodolóxicos.....	18
5.2	Métodos didácticos.....	19
<b>6</b>	<b>Atención á diversidade.....</b>	<b>20</b>
<b>7</b>	<b>Temas transversais.....</b>	<b>21</b>
7.1	Educación en valores.....	21
7.2	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).....	22
<b>8</b>	<b>Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....</b>	<b>23</b>
8.1	Actos institucionais.....	23
8.2	Cursos e clases maxistras.....	24
8.3	Audicións.....	24
8.4	Outros.....	24
<b>9</b>	<b>Secuenciación por cursos.....</b>	<b>25</b>
9.1	Curso: 1º de grao profesional.....	25
9.1.1	Obxectivos.....	25
9.1.2	Contidos.....	25
9.1.3	Criterios de avaliación.....	25
9.1.3.1	Mínimos esixibles.....	26
9.1.4	Recursos didácticos.....	26
9.2	Curso: 2º de grao profesional.....	27
9.2.1	Obxectivos.....	27
9.2.2	Contidos.....	27
9.2.3	Criterios de avaliación.....	27
9.2.3.1	Mínimos esixibles.....	28
9.2.4	Recursos didácticos.....	28



9.3	Curso: 3º de grao profesional .....	29
9.3.1	Obxectivos .....	29
9.3.2	Contidos .....	29
9.3.3	Criterios de avaliación .....	29
9.3.3.1	Mínimos esixibles.....	30
9.3.4	Recursos didácticos.....	30
9.4	Curso: 4º de grao profesional .....	31
9.4.1	Obxectivos .....	31
9.4.2	Contidos .....	31
9.4.3	Criterios de avaliación .....	31
9.4.3.1	Mínimos esixibles .....	32
9.4.4	Recursos didácticos.....	32
9.5	Curso: 5º de grao profesional .....	33
9.5.1	Obxectivos .....	33
9.5.2	Contidos .....	33
9.5.3	Criterios de avaliación .....	33
9.5.3.1	Mínimos esixibles .....	34
9.5.4	Recursos didácticos.....	34
9.6	Curso: 6º de grao profesional .....	35
9.6.1	Obxectivos .....	35
9.6.2	Contidos .....	35
9.6.3	Criterios de avaliación .....	35
9.6.3.1	Mínimos esixibles .....	36
9.6.4	Recursos didácticos.....	36
<b>10</b>	<b>Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....</b>	<b>37</b>
<b>11</b>	<b>Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento .....</b>	<b>38</b>
<b>12</b>	<b>ANEXOS.....</b>	<b>39</b>
12.1	Probas de acceso a outros cursos do grao profesional (2º, 3º, 4º,5º e 6º cursos) .....	39
12.1.1	Normativa Xeral.....	39
12.1.2	Exame .....	40
12.2	Folla de calibración para audicións e/ou probas instrumentais .....	40



# 1 Introducción

A presente Programación Didáctica de Orquestra está baseada na secuenciación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ao longo dos seis de que consta o grao profesional, e foi realizada polo profesorado do departamento de Agrupacións de acordo co currículo oficial vixente para a materia e co proxecto educativo do centro, como así establecen os artigos 5º e 10º do capítulo II dos Decretos 198/2007 e 203/2007, do 27 de setembro, respectivamente.

Este documento inclúe, ademais dos obxectivos e contidos, a metodoloxía que se vai a seguir (indicando materias e recursos didácticos que se empregarán), a avaliación e os seus tipos, procedementos e ferramentas (tanto da aprendizaxe coma da ensinanza e da propia programación), a atención á diversidade, e outras informacións que consideramos de interese e necesidade para levar a cabo o proceso de ensinanza- aprendizaxe.

Entendemos esta programación didáctica como un instrumento flexible, que permite adaptarse ás circunstancias concretas do alumnado en cada momento do seu proceso de aprendizaxe, pero ao mesmo tempo, tamén como marco de referencia que lle dá forma á nosa ensinanza garantizando que aqueles alumnos e alumnas dun mesmo nivel, e incluso con diferente profesorado, poidan acceder a unha ensinanza que favoreza a consecución dunhas competencias mínimas equiparables.

## 1.1 Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os documentos legais que figuran a continuación, tendo presente o reflectido no Artigo 1.2 do Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos Conservatorios que explicita *“Tamén será de aplicación aos conservatorios de música e de danza de titularidade das entidades locais, e aos centros privados de ensinanza de música e de danza en todos aqueles aspectos que non contraveñan o establecido na súa lexislación específica e os límites fixados por ela”*. Figuran clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- **REAL DECRETO 428/2013, do 14 de xuño**, polo que se establecen as especialidades docentes do Corpo de Profesores de Música e Artes Escénicas vinculadas ás ensanzas de Música e Danza
  - **ORDE do 29 de setembro de 2015** pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015



- **CIRCULAR 6/2012** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se determinan as titulacións mínimas esixibles para a impartición das ensinanzas regradas de música nos Conservatorios de Música non dependentes da Consellería de Cultura, Educación e O.U. , e nos centros autorizados
- **DECRETO 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- **CIRCULAR 15/2011** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- **ORDE do 4 de agosto de 2011** pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- **DECRETO 223/2010**, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- **ORDE do 28 de xullo de 2008**, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- **CIRCULAR 21/2008** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan as ensinanzas elementais de música e danza dispostas nos decretos 196/2007, do 20 de setembro e 198/2007, do 27 de setembro, polos que se establece a ordenación das ensinanzas de grao elemental de danza e de música, respectivamente.
- **ORDE do 8 de febreiro de 2008**, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- **DECRETO 198/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. DOG do 25 de outubro de 2007.
- **DECRETO 203/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- **CIRCULAR 9/2007** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.



## 1.2 Características do centro

A creación do Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía de Arousa ven reflectida no Decreto 222/2000, de 13 de setembro, e autorizada a súa posta en funcionamento pola Orde do 6 de xullo de 2005, ámbalas dúas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

É un centro público e oficial no que se imparten na actualidade os graos elemental e profesional das ensinanzas de réxime especial de música reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Sito no Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa, na Avda. da Mariña nº 27.

O centro sitúase na bisbarra do Salnés. A actividade musical da zona xira en torno á existencia deste centro, de bandas de música, asociacións culturais e coros. Existe en Vilagarcía de Arousa, e tamén de titularidade municipal, unha Escola Municipal de Música así coma escolas de música privadas. O mesmo sucede noutros municipios da comarca.

O propio Conservatorio e o Concello de Vilagarcía de Arousa, programan actividades musicais. A cidade carece de fonoteca pública e de biblioteca musical especializada (a excepción da do propio centro).

A maiores da actividade docente da ensinanza de música, no Centro realizanse diferentes actividades extraescolares e complementarias co obxectivo de completar a formación do alumnado: concertos, Masterclass, Seminarios, conferencias e cursos de especialización, e outros.

A ensinanza que se imparte no Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía de Arousa é a de música, regulada pola Lei 2/2006, do 3 de maio, de Educación e polo Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro polo que se fixan os aspectos básicos das ensinanzas profesionais de música, sendo na Comunidade Autónoma de Galicia os decretos polos que se regula o grao elemental e profesional o 198/2007, do 27 de setembro, e 203/2007, do 27 de setembro.

## 1.3 Características do alumnado

O centro conta cunha media de 125 alumnos e alumnas, variando a súa procedencia segundo a idade e o curso que realizan. Así, a maioría do alumnado pertence ao Concello de Vilagarcía de Arousa aínda que tamen é salientable o número de alumnos doutros concellos limítrofes.

As principais motivacións para o estudo neste Centro son:

A obtención dun título que lles abra saídas profesionais, e que posibilite a continuidade de estudos no grao superior de música.

- O interese polo estudo dunha especialidade instrumental.
- A calidade da ensinanza.
- A localización do Conservatorio.

As expectativas de futuro do alumnado varían segundo o grao no que se atopan: os/as alumnos/as de grao elemental teñen como principal obxectivo obter unha formación que



lles permita gozar da música e poder continuar os seus estudos. O alumnado do grao profesional manifesta as súas preferencias por dedicarse á docencia e á práctica instrumental (orquestra, banda, coro, cámara, solista, etc.), e, se cadra, continuar os seus estudos nun Conservatorio Superior de Música.

No estudo individual do alumnado resalta o esforzo, a análise do repertorio e a comprensión do mesmo. Como gran problema sobresa a falta de tempo, especialmente no grao profesional, debido á gran cantidade de horas que o alumnado pasa no seu centro de ensinanza obrigatoria. Outros problemas son a falta de organización, de constancia e concentración no estudo.

O clima existente entre o alumnado e o profesorado do centro é óptimo, sendo este un dos valores máis apreciados por ambas partes.

Como conclusión, extraemos que ao ser este un centro de ensinanza artísticas o grao de satisfacción do alumnado co centro é alto, por non ser obrigatorios os devanditos estudos.



## 2 Obxectivos xerais das ensinanzas musicais

### 2.1 Grao Profesional

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, indica no artigo 2º que a súa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, ordenándose en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

Esta finalidade acádase ao longo dos seis cursos dos que consta este grao coa consecución dos seguintes obxectivos que aparecen enumerados no artigo 3º do mesmo Decreto:

- a Habituar a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c Analizar e valorar a calidade da música.
- d Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- f Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- h Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- i Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.





### 3 Obxectivos específicos das ensinanzas musicais

A diferenza do Decreto 198/2007, que establece a ordenación do currículo das ensinanzas elementais, no Decreto 203/2007 de ordenación das ensinanzas profesionais recóllense no artigo 6º os obxectivos específicos destas, que serán desenvolvidos de xeito máis concreto no currículo de cada materia e que citaremos nos seguintes apartados deste mesmo punto.

Estes obxectivos específicos ou capacidades que deben ser adquiridos polo alumnado do grao profesional das ensinanzas de música son:

- a Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- b Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
- c Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- e Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- f Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- g Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- h Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exigencias das obras.
- i Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- j Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- k Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
- l Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.



## 4 Obxectivos, contidos e criterios de avaliación da materia de Orquestra

### 4.1 Grao profesional da materia de Orquestra

O proceso de ensino e aprendizaxe das diversas especialidades instrumentais ten forzosamente un marcado carácter individual. Por iso o currículo debe albergar materias que transcendan este compoñente unipersoal da práctica musical e introduzan elementos colectivos. A práctica instrumental resulta así entendida non só como a adquisición dunha complexa técnica e a progresiva formación duns criterios musicais propios, senón tamén como unha ferramenta de relación social e de intercambio de ideas entre os propios instrumentistas.

A educación musical non pode nin debe perseguir como única meta a formación de solistas instrumentais *stricto sensu*; a súa principal misión debe ser ofrecer á sociedade os músicos que esta necesita para poder canalizar aquelas actividades que demanda a comunidade. Neste sentido, a partir do S. XIX a orquestra converteuse, polo seu extenso repertorio e polo seu vasto potencial comunicador, no vehículo de expresión musical por antonomasia. O elevado número de instrumentistas que a integra provoca, en consecuencia, que unha porcentaxe moi alta dos estudantes daqueles instrumentos susceptibles de entrar a formar parte da orquestra (corda, vento e percusión, fundamentalmente) teñan nesta o seu destino profesional máis frecuente e, a miúdo, único.

A práctica indistinta de orquestra ou banda, ou, de ser o caso, o conxunto que corresponda, ten por finalidade facilitar a participación, a través de distintas formacións, de todo o alumnado. Procúrase así unha organización máis flexible do ensino ao mesmo tempo que se permite que determinados instrumentos con dificultades de integración teñan o marco oportuno para a práctica instrumental colectiva. Así pois, a participación nas agrupacións xa sexan instrumentais ou corais supón e garante a presenza activa dos alumnos e das alumnas nunha das actividades que implican maior proxección do centro na sociedade.

A práctica, tanto da orquestra como da banda, constitúe unha materia necesaria para a formación musical e a súa lóxica consecuencia debe ser a inclusión no currículo das ensinanzas profesionais de música de dúas materias, orquestra e banda, e a súa presenza vén xustificada nun dobre sentido. Por unha banda, porque lles ofrecerá aos instrumentistas a experiencia e os coñecementos necesarios relativos ao funcionamento, as regras e a convivencia características da interpretación destas agrupacións. Por outro, porque actuará positivamente sobre todos aqueles instrumentos cuxo nivel os capacite especialmente para tocaren nunha agrupación. Evitará, en suma, que consideren a vida profesional destes músicos como unha opción de segunda fila, acrecentará a súa decantación cara ao inicio dunha determinada opción profesional e facilitará o seu ingreso e a súa adaptación psicolóxica nun corpo social reducido, pero cunhas regras moi definidas e non sempre cómodas ou doadas de cumprir.



Do mesmo xeito que a música de cámara –unha materia que persegue obxectivos dunha natureza similar, a orquestra, a banda ou o conxunto servirán para sacar o alumnado dun repertorio case sempre caracterizado polas súas dificultades técnicas e pola desigualdade con respecto ao instrumento encargado de acompañalo (a miúdo o piano) e introducilo nun mundo novo, máis igualitario e de natureza máis rica e variada. Así, os xéneros musicais deixarán de ser soamente a sonata, o concerto ou as pezas de virtuosismo, co cal o alumno e a alumna se poderán internar noutras como a sinfonía, o oratorio, o poema sinfónico ou mesmo a ópera. No caso de instrumentos cunha literatura escasa ou con partituras de moi desigual valía musical, estas agrupacións supoñen a posibilidade de internarse nas composicións máis relevantes da historia da música occidental en igualdade de condicións con respecto a instrumentos máis «hexemónicos» (violín, frauta ou trompa, por exemplo), con todo o que iso implica de enriquecemento na formación musical do alumnado.

A convivencia con instrumentos de natureza e técnicas moi diversas, en fin, proporcionaralles tamén ao alumno e á alumna unha visión moito máis ampla do feito musical e enriquecerá o seu coñecemento dos timbres (tanto individual como colectivamente considerados) e das diversas peculiaridades organolóxicas.

As dificultades técnicas ou o mero lucimento do solista darán paso a un repertorio que alberga moitas das mellores páxinas da música occidental e a unha complexa trama de relacións instrumentais nas cales o alumnado se sentirá protagonista destacado. O feito de que sexan varios os instrumentistas encargados de tocar unha soa voz ou parte non ten por que diluír un ápice este protagonismo, que polo feito de ser colectivo non debe implicar unha diminución do perfil desempeñado por cada un dos integrantes da agrupación.

Esta é unha suma de individualidades axuntadas pola mente reitora do director ou directora, que deberá saber extraer o mellor daquelas, que en ningún caso deben aspirar a perderse no anonimato, como tampouco sobresaír por encima dos/as seus/súas compañeiros/as. A unidade de criterio e a igualdade da execución deberán ser, por iso, as principais metas que se pretendan alcanzar.

A orquestra, a banda e os conxuntos que se formen deben fomentar tamén as relacións humanas entre os alumnos e as alumnas, afeitos case sempre a unha práctica individualista e solitaria dos seus instrumentos.

Deben incrementar a actitude de escoita de todo aquilo que rodea a propia execución unipersoal para conseguir aspectos inherentes a toda boa interpretación na agrupación: afinación, empaste, homoxeneidade no fraseo, igualdade nos ataques, claridade nas texturas, etc.

O respecto a todas as indicacións do director ou da directora fomentará unha actitude de disciplina e provocará a necesidade de memorizar estas para que o traballo realizado ao longo dos ensaios dea os seus froitos no concerto. Neste, o alumno ou a alumna poderá experimentar unha sensación moi diferente, xa que serán conscientes de que na práctica de grupo a responsabilidade é compartida. Todo iso redundará, ao final, na introdución desa compoñente de pluralidade que o alumnado deben sentir como un



elemento básico da súa formación ao entrar nas ensinanzas profesionais, no que, parafraseando a Goethe, os coñecementos adquiridos deben permitirlle converter a práctica instrumental no seo das agrupacións en «unha conversación entre moitas persoas razoables».

#### 4.1.1 Obxectivos

As ensinanzas de orquestra e banda dos estudos profesionais de música terán como obxectivos contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a Afondar no coñecemento dos diferentes estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
- b Elaborar criterios persoais e razoados sobre cuestións estéticas a través do traballo do director ou da directora e da experiencia do grupo que lle permitan cumprir coa súa responsabilidade como intérprete dentro deste.
- c Dominar o propio instrumento de acordo coas exigencias de cada obra. Aplicar en todo momento a audición polifónica para escoitar simultaneamente as diferentes partes ao mesmo tempo que se executa a propia, demostrando a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- d Utilizar unha ampla e variada gama sonora, de maneira que o axuste de son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades interpretativas da obra.
- e Interpretar obras representativas do repertorio da agrupación de acordo co seu nivel instrumental e reaccionar con precisión ás indicacións do director ou da directora.
- f Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- g Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista. Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- h Respetar as normas que exige toda actuación en grupo: afinación previa, atención continua, valoración do traballo colectivo, etc., e responsabilizarse en todo momento delas.
- i Valorar a práctica en grupo como un proceso de aprendizaxe imprescindible para o futuro exercicio profesional.

#### 4.1.2 Contidos

- Importancia da afinación previa a partir do LA do óboe. (No noso caso ao non contar con esta especialidade de oboe, afinaremos coa referencia do clarinete).
- A anacruse como movemento básico da práctica do grupo.
- Reacción e comprensión ante as diferentes anacrusas do director ou da directora.
- Desenvolvemento do oído para o control permanente da afinación dentro da agrupación.
- Desenvolvemento da igualdade en ataques (instrumentos de vento e percusión).



- Desenvolvemento da igualdade nos golpes de arco.
- Coñecemento e valoración das normas de comportamento na agrupación.
- Estudo previo da particella, silencio e concentración para executar en todo momento as indicacións do director ou da directora, responsabilidade de anotar as indicacións, etc.
- Importancia do papel de cada un dos membros da agrupación.
- Traballo por seccións.
- Traballo gradual do repertorio básico máis significativo da agrupación. Valoración do silencio como marco da interpretación.

### 4.1.3 Criterios de Avaliación do Grao Profesional

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio/a profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sin limitarse unicamente á calificación trimestral ou final.

- 1 Interpretar por seccións calquera das obras programadas durante o curso. Mediante este criterio trátase de valorar a capacidade para adecuar o propio son ao da familia correspondente e a precisión de ataques e entradas de acordo coa anacruse do director ou da directora.
- 2 Reproducir calquera das obras programadas durante o curso, reducindo a corda ao número mínimo posible do alumnado por cada sección dela. Este criterio pretende avaliar a capacidade de escoita das outras partes, unificándose coas afíns, e o grao de afinación harmónica e do conxunto, unificando unísonos.
- 3 Repentizar unha obra de pequena dificultade. Este criterio pretende comprobar a integración rítmica no conxunto seguindo o tempo marcado polo director ou a directora, a precisión para reaccionar ante as súas indicacións, o dominio do seu instrumento e o grao de afinación na lectura a vista.
- 4 Estudar na casa as obras correspondentes ao repertorio programado. Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten do seu papel dentro del e o respecto pola interpretación musical.
- 5 Realizar concertos públicos coas obras ensaiadas. Este criterio constata a actitude, necesariamente disciplinada do instrumentista na orquestra, a capacidade de asumir o papel asignado, a súa contribución dentro do equilibrio de planos do conxunto e a súa adecuación ao carácter e estilo que marca o director ou a directora.



#### 4.1.3.1 Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación ten dúas vertentes:

- **Avaliación continua.** O/A profesor/a valorará de forma constante o progreso do/ alumno/a durante o curso, así como a súa actitude e asistencia, recollendo dita información no caderno de aula.
- **Avaliación puntual.** Organizaranse audicións ao longo do curso, concertos de alumnos/as e audicións de aula, onde o/a profesor/a valorará a cantidade do traballo presentado e o comportamento do/a alumno/a nestes eventos. Para a avaliación das mesmas utilizarase a folla de calibración (Ver anexo 12.5).



#### 4.1.3.2 Criterios de cualificación aplicables a todos os cursos

1	Carencia total de traballo individual
2-3	Graves dificultades coa lectura e interpretación das notas e do ritmo Interrupcións frecuentes Acusada falta do control do son Escaso dominio da obra Falta de control técnico das diferentes seccións da obra
4	Insuficiencia do nivel preciso e aceptable segundo os criterios de avaliación de cada curso Falta de continuidade na interpretación Pobre recuperación dos atrancos Erros de lectura, afinación e ritmo Baixa calidade do son Falta de preparación xeral Actitude negativa e falta de interese na materia
5-6	Seguridade xeral na lectura (notas e ritmo) Traballo técnico adecuado Continuidade na interpretación da obra Limitación no uso de recursos musicais Evidencia dunha coidada preparación
7-8	Interpretación realizada con seguridade técnica Evidencia de control do son e da afinación Tempo adecuado e mantido Uso correcto das dinámicas e do fraseo Capacidade de resposta ó estilo
9-10	Interpretación creativa realizada con fluidez e seguridade técnica Dominio da memoria Atención ás dinámicas e o fraseo Control do son e da afinación Tempo axeitado dende o punto de vista musical Comprensión dos detalles musicais e do carácter e estilo da obra



#### 4.1.3.3 Sistema de control da asistencia do alumnado

O alumnado que supere ás **TRES** faltas de asistencia **trimestrais** para materias dunha sesión semanal e **CATRO** faltas de asistencia para materias de dúas sesións semanais poderá ser avaliado en cada trimestre mediante unha proba específica. O profesorado desenvolverá esta proba no horario asignado ao/á alumno/a, no caso das materias individuais. No suposto das materias colectivas o profesorado indicará ao alumnado a data e hora de realización da proba.

O profesorado das diferentes materias deberá notificar ao titor/a e á Xefatura de Estudos cando o seu alumnado acade o número de faltas sinalado.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica será o órgano que resolverá as incidencias ou casos excepcionais que podan acontecer.

- **Materias de 1 sesión semanal:**

Instrumento, Piano complementario, Orquestra, Conxuntos, Novas tecnoloxías aplicadas á música, Itinerario de Fundamentos de Composición, Técnicas de Composición aplicadas á didáctica, Repentización e acompañamento, Música de cámara, Educación auditiva e vocal e Coro.

- **Materias de 2 sesións semanais:**

Linguaxe musical (elemental e profesional), Harmonía, Análise e Historia da música.

#### 4.1.3.4 Medidas de recuperación ao longo do curso académico

Consistirá nunha proba onde alumnado deberá presentar toda a materia que corresda a avaliación en cuestión, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos e as pezas a interpretar.

**Proba práctica**, o/a alumno/a interpretará un programa de concerto coas obras do trimestre e que lle serán indicadas polo/ profesor/a no momento da proba. As pezas serán interpretadas xunto aos/as seus/súas compañeiros/as de orquestra. Previo ó comezo da proba, afinarase co La a 441Hz. Esta proba contará un 60% da nota.

**Interpretar a primeira vista** dunha peza que serán facilitada polo profesor 5 minutos antes da proba. Esta proba contará un 40% da nota.

Para superar a avaliación será imprescindible obter un mínimo de 5 en cada unha das probas dos mínimos esixibles nesta programación segundo o curso que lle corresponda.

Aplicaranse os criterios de cualificación aplicables para todos os cursos

#### 4.1.3.5 Procedemento de recuperación da convocatoria ordinaria

No suposto en que sexa necesario o/a alumno/a terá dereito a realizar un exame ao final do curso académico.

O exame consistirá en:

**Proba práctica**, onde o/a alumno/a interpretará un programa de concerto coas obras do curso e que lle serán indicadas polo profesor no momento da proba. As pezas serán interpretadas xunto aos/as seus/súas compañeiros/as de orquestra. Previo ó comezo da proba, afinarase co La a 441Hz. Esta proba contará un 60% da nota

**Interpretar a primeira vista** dous extractos do repertorio máis representativo do seu





instrumento que serán facilitados polo profesor 5 minutos antes da proba. Esta proba contará un 40% da nota.

Para superar a materia será imprescindible obter un mínimo de 5 en cada unha das probas dos mínimos esixibles nesta programación segundo o curso que lle corresponda.

Aplicaranse os criterios de cualificación aplicables para todos os cursos.

#### **4.1.3.6 Procedemento de recuperación da convocatoria extraordinaria**

Consistirá nunha proba práctica que terá lugar en xuño, na que o/a alumno/a presentará un programa segundo o reflectido no Informe da materia correspondente que se lle entrega xunto co Boletín de Cualificacións finais no mes de xuño. Nela terá que amosar ter acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

O exame consistirá en:

**Proba práctica**, onde o/a alumno/a interpretará un programa de concerto coas obras do curso e que lle serán indicadas polo profesor no momento da proba. As pezas serán interpretadas xunto aos/as seus/súas compañeiros/as de orquestra. Previo ó comezo da proba, afinarase co La a 441Hz. Esta proba contará un 60% da nota.

**Interpretar a primeira vista** dous extractos do repertorio máis representativo do seu instrumento que serán facilitados polo profesor 5 minutos antes da proba. Esta proba contará un 40% da nota.

Para superar a materia será imprescindible obter un mínimo de 5 en cada unha das probas dos mínimos esixibles nesta programación segundo o curso que lle corresponda.

Aplicaranse os criterios de cualificación aplicables para todos os cursos.

#### **4.1.3.7 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

Demostrar que ten adquiridos os obxectivos específicos ou capacidades de todas as materias do curso actual.

Amosar as adecuadas capacidades de aprendizaxe para superar o curso ao que aspira a acceder.

O profesorado titor/a será o/a encargado/a de propoñer a ampliación de matrícula informando ás familias, e solicitando unha reunión do profesorado de todas as materias que cursa o/a alumno/a.

O profesorado das distintas materias informarán por escrito en relación ás capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos reflectidos nas diferentes programacións.

No suposto de que todos os informes sexan favorables, o/a titor/a presentará a proposta á dirección do Centro que a elevará ao Consello Escolar para a súa aprobación definitiva.



## 5 Metodoloxía

Pola propia natureza da ensinanza da orquestra, a maior carga de traballo nas clases é colectiva, e en menor medida por seccións, atriles ou individual. Por iso, as técnicas de ensinanza serán colectivas e activas, e o método a empregar será a través de ensaios, onde o profesor en cada clase orientará e motivará ao alumnado, e establecerá os criterios necesarios para a consecución de uniformidade do conxunto, un dos principais obxectivos.

A actividade da orquestra no conservatorio posibilita o poder saír do seu quefacer individual e tocar en conxunto con outros/as alumnos/as de corda, así como con alumnos/as de vento madeira, vento metal e percusión no caso da orquestra sinfónica. Por iso, cumpre un cometido moi importante, tendo en conta que a diferenza dos/as alumnos/as de vento e percusión que atopan sitio nas numerosas bandas existentes en Galicia, as posibilidades dos primeiros son bastante escasas.

Na orquestra o/a alumno/a accede a novos obxectivos dadas as necesidades para coincidir nunha interpretación colectiva das obras. Por iso, aspectos como a calidade da afinación, a precisión rítmica, do tempo, o empaste e calidade sonora, o fraseo e solvencia interpretativa, entre outros moitos aspectos, son obxectivos a conseguir en cada clase.

### 5.1 Principios metodolóxicos

Os principios que rixen a elaboración desta programación didáctica dotándoa de coherencia e sentido son:

- **Actividade:** O carácter instrumental da especialidade de orquestra require da práctica, polo que o principio de que as cousas se aprenden facéndoas vai implícito na nosa ensinanza.
- **Autonomía:** Cada alumno/a será orientado nas súas clases e ensaios, ensinándolle a traballar de forma colectiva adaptando as súas características individuais ás que se definen para o conxunto.
- **Creatividade:** Ao tratarse dunha ensinanza artística, toda actividade que realicemos tratará de estimular o pensamento e a imaxinación, buscando conseguir que os nosos/as alumnos/as non repitan soamente o que decimos e pedimos.
- **Individualización:** A nosa ensinanza da materia é colectiva a maior parte do tempo, por iso é necesario tamén ter en conta a dimensión persoal e afectivo social de cada alumno ou alumna.
- **Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas:** Co fin de conseguir os obxectivos propostos poderemos realizar as adecuacións que fosen precisas na temporalización dos contidos.
- **Convivencia:** Dado que as actividades da nosa ensinanza requiren do traballo en



equipo fomentarase en todo momento un clima de cordialidade e respecto entre o alumnado.

- **Significación:** Esta será unha das vías de motivación que empregaremos, presentando o que se aprende como algo que será útil noutras situacións, que terá aplicación real.
- **Interdisciplinariade:** Buscaremos relacionar os contidos da nosa materia cos das outras materias do currículo que cursa o noso alumnado para dotalos dunha maior significación

## 5.2 Métodos didácticos

Á hora de decidir os métodos didácticos para esta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes enfoques:

- **Modelo constructivista:** Tomando como idea principal que o coñecemento é unha construción persoal na que o/a alumno/a elabora significados propios a partir duns coñecementos previos, a través dunha actividade intelectual e práctica.
- **Aprendizaxe significativa:** Este modelo de aprendizaxe está moi relacionado co constructivista, xa que a adquisición de coñecemento polo/a alumno/a realízase construindo sobre os seus propios esquemas, sumando información sobre a que xa ten, que lle será útil para aplicar noutras situacións.

Para que esto se produza, debemos ter en conta ao longo de toda actividade:

- a** Que o alumnado teña unha boa actitude, algo que se consegue facéndolle ver que o que están a facer ten sentido, é dicir ten unha razón, unha finalidade, así como fomentando o bo clima de clase, a autoconfianza, etc.
- b** Que o que se ensine presente unha estrutura lóxica dentro da materia, enfocando o traballo de forma globalizadora.
- c** Que as novas aprendizaxes se relacionen cos coñecementos previos, é dicir, os contidos deben ter significatividade psicolóxica.
- d** Que sexan conscientes da importancia do estudo individual, fomentando o interese e o respecto polo hábito de estudo e ensinándolles a maneira de que ese tempo sexa eficiente.



## 6 Atención á diversidade

A diversidade constitúe un valor que enriquece e diversifica a realidade, esixindo no plano educativo unha maior atención por parte do profesorado.

É un feito que os/as alumnos/as que acceden a un conservatorio presentan diferenzas individuais e non todos/as os/as alumnos/as aprenden ao mesmo ritmo nin teñen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características do alumnado.

Para dar resposta á diversidade, desde a clase de Orquestra teremos en conta as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que expoñan diversas estratexias para o logro dos coñecementos.
- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses dos nenos e nenas, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
- Buscar orientación externa, de ser necesario, co propio centro como mediador.
- Respetar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno/a.
- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
- Expor actividades de diferente dificultade e integrar aos/ás alumnos/as na máis apropiada ao seu nivel.
- Fomentar a pedagogía do éxito, é dicir, valorar os pequenos logros de cada un e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.
- Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos

A atención á diversidade constitúe un indicador moi positivo da saúde do noso sistema educativo, xa que un sistema que tamén intenta dar resposta a todos eses nenos e nenas con deficiencias a nivel persoal e con características cognoscitivas por encima da media, é un sistema educativo cercano ás necesidades reais do educando. Neste sentido a nosa programación didáctica intentará establecer os instrumentos necesarios, en consonancia cos outros documentos do centro, para lograr unha educación musical comprensiva e de calidade.



## 7 Temas transversais

A nosa materia tamén trata esta serie de elementos transversais que son abordados desde cada unha das diferentes asignaturas que comprenden o currículo das ensinanzas de réxime especial de música, e que nos dan a oportunidade de reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación.

### 7.1 Educación en valores

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes consignas:

- A **educación ambiental** tratarémola a través do coidado pola produción excesiva de sons por parte do alumnado, a concienciación sobre contaminación acústica, e a través da importancia que se lle debe de dar ao silencio como marco de calquera actividade musical.
- En canto á **educación para a saúde**, abordarámola a través da práctica corporal, aprendendo a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, tendo en conta e incidindo sobre a educación postural e a adquisición dun correcto tono muscular. Ademais, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, tamén incide de forma positiva no equilibrio persoal e anímico das persoas.
- No referente á **educación para a igualdade de sexos**, partiremos de que a música non está relacionada co sexo do alumnado, e de que toda actividade musical en grupo partirá do principio de integración, de colaboración e de respecto mutuo entre os integrantes da clase independentemente do sexo ao que pertencen.
- A **educación para a paz e a tolerancia** traballarase a partir de pezas doutras culturas e das relacións que se establezan coas persoas da contorna.
- A **educación para o lecer** traballarase a partir do concepto productivo do ocio, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademais de fomentar a escoita de música e a lectura de libros relacionados co traballado en clase.
- En canto á **educación do consumidor** trataremos que o alumnado adquira unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles a forxar un criterio á hora de decantarse por diferentes versións, e propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música.
- Para rematar, a **educación moral e cívica** abordarámola ao ter presente o respecto ás normas e a necesidade da súa existencia como poden ser á hora de tocar en grupo: a entrada simultánea, o mantemento do plano sonoro adecuado, a actitude de escoita e reseto aos demais... Todas estas normas estarían refridas aos compañeiros, ao material da aula, ao/a profesor/a, etc....



## 7.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

Hoxe en día é difícil pensar nun modelo pedagóxico que non se complemente cos recursos tecnolóxicos, permitindo unha formación máis completa e posibilitando unha renovación na pedagogía e na didáctica. A educación ten que avanzar ao paso da sociedade co fin de enriquecerse mutuamente.

A natureza colectiva da ensinanza de orquestra, pode ter nas TIC un recurso útil que permite interactuar co alumnado sen empregar o tempo do ensaio.

- Para a información e transmisión de ficheros: video, audio e documentos de interese sobre as obras de estudo.
- Como vía para a comunicación e intercambio dos traballos individuais que se poderían solicitar aos/ás alumnos/as referidos/as ás obras programadas durante o curso, que estimule a investigación e sirva ao enriquecemento cultural e musical propio e do colectivo.
- Como vía alternativa para a organización de ensaios máis eficientes, de xeito de incidir en obxectivos concretos xa planificados.
- Como recurso didáctico en clase, dispoñendo de equipamiento audiovisual para oír obras de interese, analízalas e comentalas.
- Non se permitirá o uso de dispositivos móbiles no desenvolvemento da materia.



## 8 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Segundo o establecido no Proxecto Educativo de Centro en referencia ás actividades culturais e de promoción das ensinanzas:

**A** Terán a consideración de actividades complementarias as organizadas durante o horario escolar polo Conservatorio, dacordo cos seus proxectos e programacións e que teñen un carácter diferenciado das actividades propiamente lectivas, polo momento, espacio ou recursos que utilizan.

Son actividades complementarias fixas as seguintes:

- Audicións
- Concertos trimestrais e finais
- Aqueloutras que así o determine o centro a traves dos órganos competentes.

**B** Terán a consideración de actividades extraescolares as encamiñadas a potenciar a apertura do centro ó seu entorno e á procura da formación integral do alumnado. As actividades extraescolares realizaránse, sempre que sexa posible, fora do horario lectivo, terán carácter voluntario para o alumnado e buscarán a implicación activa de toda a comunidade educativa.

Son actividades extraescolares as seguintes:

- Os intercambios educativos/culturais con outros centros
- As viaxes, excursións ou saídas culturais
- Os cursos ou cursiños
- Aqueloutras que así o determine o centro a traves dos órganos competentes.

**C** Poderanse organizar outras actividades no centro a proposta de calquera membro da comunidade educativa que sexan de interés tanto para o centro coma para os destinatarios aos que vai dirixida. En calquera caso as propostas doutras actividades deberán seguir os puntos enumerados anteriormente no apartado que corresponda.

O alumnado do centro terá o dereito de asistir, aínda que non a obriga, ás actividades culturais e de promoción das ensinanzas que se organicen dende os distintos Departamentos, agás nas audicións, onde si deberán participar.

### 8.1 Actos institucionais

Dende hai xa varios cursos académicos temos xa institucionalizados unha serie de concertos, de xeito que pasaran a formar parte da programación estable do centro. Seguindo esta liña de continuidade, as posibles participacións do alumnado do centro sería nos seguintes actos:

- Concerto de Santa Cecilia: Terá lugar ao redor do 22 de novembro de cada ano.
- Concerto de Nadal: a celebrar na dúas semanas anteriores ás vacións de Nadal.
- Concerto das Letras Galegas: coincidindo coa celebración desta data no mes de maio de cada ano.



- Concerto de solistas.
- Concerto para os nosos maiores.
- Concerto Fin de Grao: a celebrar a finais do mes de maio de cada ano, en ocasións coincidindo co Concerto das Letras Galegas.
- Concerto social e comunitario
- Concerto de Fin de Curso: a celebrar antes da avaliación final do curso.

Ademais das actividades que se realicen no seo do propio centro, intentarase celebrar concertos en salas ou espazos que permitan unha maior proxección da nosa tarefa profesional.

## 8.2 Cursos e clases maxistras

Os cursos e clases maxistras que se desexen organizar, unha vez propostos no departamento correspondente trasladaranse ao Claustro de profesores e Consello Escolar onde se debaterán, e se son autorizados pasarán a ter a consideración de actividades extraescolares ou complementarias do centro.

No caso de que os diferentes departamentos teñan algunha proposta, esta deberá ser tratada no mes de setembro e incluída na Programación Xeral Anual. As propostas posteriores a esta data, poderán terse en conta, sempre que sexan autorizadas polo Consello Escolar.

## 8.3 Audicións

Atendendo ao que se contempla nos currículos de Grao Elemental e de Grao Profesional, o centro organizará audicións públicas de alumnos/as que se celebrarán de forma continuada ao longo do curso.

O centro organizará dous ou tres períodos de audicións anuais, nas que o alumnado deberá participar como mostra do traballo realizado na clase, interpretando a ou as obras que o seu profesor/a lle asigne, sexa en grupo ou como solista.

## 8.4 Outros

O centro colabora con entidades públicas e privadas participando en eventos organizados por estes, ou ben polo Concello de Vilagarcía de Arousa a través dos distintos departamentos ou Concellerías. O profesorado poderá propoñer alumnado para a súa inclusión nestas actividades.

Poderanse organizar saídas culturais, para ver algunhas das orquestras sinfónicas que veñan a tocar a Galiza.





## 9 Secuenciación por cursos

A continuación desenvólvese a programación didáctica de Orquestra dos graos elemental e profesional por cursos.

### 9.1 Curso: 1º de grao profesional

#### 9.1.1 Obxectivos

- Valorar a práctica orquestral como un proceso de aprendizaxe imprescindible para a formación íntegra do intérprete.
- Coñecer as indicacións máis comúns de dinámica, agónica, fraseo, articulación, etc.
- Adquirir a destreza instrumental necesaria para facer fronte ás exixencias do repertorio traballado.
- Desenvolver a lectura a vista de fragmentos orquestrais co fin de permitir a montaxe fluida das obras de dificultade acorde ó curso.
- Interpretar obras pertencentes ó repertorio de orquestra de cordas, cámara, bandístico ou sinfónico universal.
- Adquirir un hábito de estudo individual previo á clase que permita un aproveitamento efectivo do tempo lectivo.
- Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical en xeral.

#### 9.1.2 Contidos

- Afinación.
- Precisión rítmica e control do pulso.
- son individual e o colectivo.
- Ensemble e planos sonoros.
- Fraseo. Dinámica e agónica.
- Práctica da lectura a primeira vista.
- Práctica de orquestra. Protocolos para ensaios e concertos.
- A anacrusa como movemento básico da práctica orquestral.
- Reacción e comprensión da linguaxe xestual do director.

#### 9.1.3 Criterios de avaliación

- Estudiar as obras programadas de forma individual. (10% da nota global)
- Manter unha correcta afinación individual e podela axustar ao tocar as obras. ( 10% da nota global)
- Interpretar correctamente, individual e por seccións o repertorio programado



durante o curso. ( 10% da nota global)

- Tocar con bo son e empastar co conxunto. ( 10% da nota global)
- Seguir ás indicacións do director con precisión: dinámica, agónica, tempo, carácter, etc. (20% da nota global)
- Ler a primeira vista a súa parte das obras indicadas polo mestre. ( 10% da nota global)
- Ser puntual na asistencia a os ensaios ordinarios, extraordinarios e actuacións en público. ( 10% da nota global).
- Gardar silencio durante os ensaios e audicións. ( 10 % da nota global)
- Realizar concertos co repertorio seleccionado para estudo e ensaio no conservatorio ou en salas de concerto alleas.( 10% da nota global)

#### **9.1.3.1 Mínimos esixibles**

Os obxectivos mínimos son, o dominio mínimo de cada obxectivo correspondente a este curso.

#### **9.1.4 Recursos didácticos**

- Cadeiras e atrás
- Repertorio orquestral
- Aula que reúna as condicións axeitadas ó desenvolvemento da materia.
- Afinador.
- Equipamento audiovisual.
- Uso das Tic's (referencia pto.7)



## 9.2 Curso: 2º de grao profesional

### 9.2.1 Obxectivos

- Valorar a práctica orquestral como un proceso de aprendizaxe imprescindible para a formación íntegra do intérprete.
- Coñecer as indicacións máis comúns de dinámica, agónica, fraseo, articulación, etc.
- Adquirir a destreza instrumental necesaria para facer fronte ás exigencias do repertorio traballado.
- Desenvolver a lectura a vista de fragmentos orquestrais co fin de permitir a montaxe fluida das obras de dificultade acorde ó curso.
- Interpretar obras pertencentes ó repertorio de orquesta de cordas, cámara, bandístico ou sinfónico universal.
- Adquirir un hábito de estudo individual que permita un aproveitamento efectivo do tempo lectivo.
- Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical en xeral.
- Desenvolver un criterio musical que lle permita valorar as súas propias interpretacións e as dos demais.

### 9.2.2 Contidos

Engádense ou desenvolven os dos cursos anteriores:

- Afinación e desenvolvemento auditivo.
- Desenvolvemento da precisión rítmica, control do pulso e agónica.
- Desenvolvemento da calidade sonora.
- Ensemble e planos sonoros.
- Empaste e articulacións.
- Flexibilidade do fraseo e as dinámicas.
- Adquisición de hábitos de conduta propios da actividade orquestral.
- Desenvolvemento da audición interna como elemento de control da afinación, da calidade sonora e da cor do conxunto.

### 9.2.3 Criterios de avaliación

- Estudiar as obras programadas de forma individual.
- Manter unha correcta afinación individual e podela axustar ao tocar as obras
- Interpretar correctamente, individual e por seccións o repertorio programado durante o curso.



- Tocar con bo son e empastar co conxunto.
- Seguir ás indicacións do director con precisión: dinámica, agónica, tempo, carácter, etc.
- Ler a primeira vista a súa parte das obras indicadas polo mestre.
- Ser puntual na asistencia a os ensaios ordinarios, extraordinarios e actuacións en público.
- Gardar silencio durante os ensaios e audicións.
- Realizar concertos co repertorio seleccionado para estudo e ensaio no conservatorio ou en salas de concerto alleas.

#### **9.2.3.1 Mínimos esixibles**

Os obxectivos mínimos son, o dominio mínimo de cada obxectivo correspondente a este curso.

#### **9.2.4 Recursos didácticos**

- Cadeiras e atrás
- Repertorio orquestral
- Aula que reúna as condicións axeitadas ó desenvolvemento da materia.
- Afinador.
- Equipamento audiovisual.
- Uso das TIC's (referencia pto.7)



## 9.3 Curso: 3º de grao profesional

### 9.3.1 Obxectivos

- Coñecer as indicacións máis comúns de dinámica, agóxica, fraseo, articulación, etc
- Reaccionar de forma correcta ás indicacións xestuais do mestre.
- Adquirir a destreza instrumental necesaria para facer fronte ás exigencias do repertorio traballado.
- Desenvolver a lectura a vista de fragmentos orquestrais co fin de permitir a montaxe fluida das obras de dificultade acorde ó curso.
- Interpretar obras pertencentes ó repertorio de orquesta de cordas, cámara, bandístico ou sinfónico universal.
- Coñecer os diferentes estilos e os conseguíntes criterios interpretativos de cada un deles.
- Desenvolver un criterio musical que lle permita valorar as súas propias interpretacións e as dos demais.
- Desenvolver o oído interno como a base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical en xeral.

### 9.3.2 Contidos

Engádense ou desenvolven os dos cursos anteriores:

- O son dunha orquesta non é a suma dos sons individuais.
- Adestramento do ouvido harmónico.
- Adaptación do instrumentista ó empaste e cor do grupo.

### 9.3.3 Criterios de avaliación

- Estudar as obras programadas de forma individual.
- Manter unha correcta afinación individual e podela axustar ao tocar as obras
- Interpretar correctamente, individual e por seccións o repertorio programado durante o curso.
- Tocar con bo son e empastar co conxunto.
- Seguir ás indicacións do director con precisión: dinámica, agóxica, tempo, carácter, etc.
- Ler a primeira vista a súa parte das obras indicadas polo mestre.
- Ser puntual na asistencia a os ensaios ordinarios, extraordinarios e actuacións en público.
- Gardar silencio durante os ensaios e audicións.
- Realizar concertos co repertorio seleccionado para estudo e ensaio no conservatorio



ou en salas de concerto alleas.

#### **9.3.3.1 Mínimos esixibles**

Os obxectivos mínimos son, o dominio mínimo de cada obxectivo correspondente a este curso.

#### **9.3.4 Recursos didácticos**

- Cadeiras e atrís
- Repertorio orquestral
- Aula que reúna as condicións axeitadas ó desenvolvemento da materia.
- Afinador.
- Equipamento audiovisual.
- Uso das TIC's (referencia pto.7)



## 9.4 Curso: 4º de grao profesional

### 9.4.1 Obxectivos

- Coñecer as indicacións máis comúns de dinámica, agóxica, fraseo, articulación, etc.
- Reaccionar de forma correcta ás indicacións xestuais do mestre.
- Adquirir a destreza instrumental necesaria para facer fronte ás exigencias do repertorio traballado.
- Desenvolver a lectura a vista de fragmentos orquestrais co fin de permitir a montaxe fluida das obras de dificultade acorde ó curso.
- Interpretar obras pertencentes ó repertorio de orquesta de cordas, cámara, bandístico ou sinfónico universal.
- Coñecer os diferentes estilos e os conseguíntes criterios interpretativos de cada un deles.
- Desenvolver un criterio musical que lle permita valorar as súas propias interpretacións e as dos demais.
- Desenvolver o oído interno como a base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical en xeral.

### 9.4.2 Contidos

Engádense ou desenvolven os dos cursos anteriores:

- Desenvolvemento da igualdade dos golpes de arco.
- Desenvolvemento da igualdade dos ataques.
- Desenvolvemento da capacidade auditiva para permitir o autocontrol permanente da afinación dentro do conxunto.
- Traballo da tímbrica e o empaste.
- Os planos sonoros e o seu adecuado balance.
- Actitude autocrítica que desenrole un criterio escrupuloso da valoración musical.
- Adquisición progresiva de seguridade persoal no exercicio da práctica orquestral.

### 9.4.3 Criterios de avaliación

- Estudar as obras programadas de forma individual.
- Manter unha correcta afinación individual e podela axustar ao tocar as obras
- Interpretar correctamente, individual e por seccións o repertorio programado durante o curso.
- Tocar con bo son e empastar co conxunto.
- Seguir ás indicacións do director con precisión: dinámica, agóxica, tempo, carácter, etc.
- Ler a primeira vista a súa parte das obras indicadas polo mestre.



- Ser puntual na asistencia a os ensaios ordinarios, extraordinarios e actuacións en público.
- Gardar silencio durante os ensaios e audicións.
- Realizar concertos co repertorio seleccionado para estudo e ensaio no conservatorio ou en salas de concerto alleas.

#### **9.4.3.1 Mínimos esixibles**

Os obxectivos mínimos son, o dominio mínimo de cada obxectivo correspondente a este curso.

#### **9.4.4 Recursos didácticos**

- Cadeiras e atrís
- Repertorio orquestral
- Aula que reúna as condicións axeitadas ó desenvolvemento da materia.
- Afinador.
- Equipamento audiovisual.
- Uso das TIC's (referencia pto.7)





## 9.5 Curso: 5º de grao profesional

### 9.5.1 Obxectivos

- Reaccionar de forma correcta ás indicacións xestuais do mestre.
- Manexar correctamente as indicacións máis comúns de dinámica, agóxica, fraseo, articulación, etc.
- Adquirir o nivel de relaxamento que lle permita coñecer e controlar o seu propio corpo durante as audicións e concertos coa orquestra.
- Desenvolver a lectura a vista de fragmentos orquestrais co fin de permitir a montaxe fluida das obras de dificultade acorde ó curso.
- Interpretar obras pertencentes ó repertorio de orquestra de cordas, cámara, bandístico, ou sinfónico universal.
- Chegar a un nivel de autoavaliación que permita ao/a alumno/a corrixirse e perfeccionarse nas cuestións técnicas e interpretativas da obra.
- Chegar a un nivel profesional de empaste e conexión co grupo.
- Desenvolver o oído interno como a base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical en xeral.

### 9.5.2 Contidos

Engádense ou desenvolven os dos cursos anteriores:

- Práctica da memoria como elemento reitor da interpretación. A máxima unidade tímbrica e de empaste.
- O son e timbre da orquestra.
- Análisis e valoracións críticas das interpretacións

### 9.5.3 Criterios de avaliación

- Estudar as obras programadas de forma individual.
- Manter unha correcta afinación individual e podela axustar ao tocar as obras
- Interpretar correctamente, individual e por seccións o repertorio programado durante o curso.
- Tocar con bo son e empastar co conxunto.
- Seguir ás indicacións do director con precisión: dinámica, agóxica, tempo, carácter, etc.
- Ler a primeira vista a súa parte das obras indicadas polo mestre.
- Ser puntual na asistencia a os ensaios ordinarios, extraordinarios e actuacións en público.
- Gardar silencio durante os ensaios e audicións.
- Realizar concertos co repertorio seleccionado para estudo e ensaio no conservatorio



ou en salas de concerto alleas.

#### **9.5.3.1 Mínimos esixibles**

Os obxectivos mínimos son, o dominio mínimo de cada obxectivo correspondente a este curso.

#### **9.5.4 Recursos didácticos**

- Cadeiras e atrís
- Repertorio orquestral
- Aula que reúna as condicións axeitadas ó desenvolvemento da materia.
- Afinador.
- Equipamento audiovisual.
- Uso das TIC's (referencia pto.7)



## 9.6 Curso: 6º de grao profesional

### 9.6.1 Obxectivos

Engádense ou desenvolven os dous cursos anteriores:

- Reaccionar de forma correcta ás indicacións xestuais do mestre.
- Manexar correctamente as indicacións máis comúns de dinámica, agóxica, fraseo, articulación, etc.
- Adquirir o nivel de relaxamento que lle permita coñecer e controlar o seu propio corpo durante as audicións e concertos coa orquestra.
- Desenvolver a lectura a vista de fragmentos orquestrais co fin de permitir a montaxe fluida das obras de dificultade acorde ó curso.
- Interpretar obras pertencentes ó repertorio de orquestra de cordas, cámara, bandístico, ou sinfónico universal.
- Chegar a un nivel de autoavaliación que permita ao alumno corrírse e perfeccionarse nas cuestións técnicas e interpretativas da obra.
- Chegar a un nivel profesional de empaste e conexión co grupo.
- Desenvolver o oído interno como a base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical en xeral.
- Interpretación e flexibilidade musical da orquestra

### 9.6.2 Contidos

Engádense ou desenvolven os dos cursos anteriores:

- Práctica da memoria como elemento reitor da interpretación. A máxima unidade tímbrica e de empaste, son e timbre da orquestra.
- Análise e valoracións críticas das interpretacións.

### 9.6.3 Criterios de avaliación

- Estudar as obras programadas de forma individual.
- Manter unha correcta afinación individual e podela axustar ao tocar as obras
- Interpretar correctamente, individual e por seccións o repertorio programado durante o curso.
- Tocar con bo son e empastar co conxunto.
- Seguir ás indicacións do director con precisión: dinámica, agóxica, tempo, carácter, etc.
- Ler a primeira vista a súa parte das obras indicadas polo mestre.
- Ser puntual na asistencia a os ensaios ordinarios, extraordinarios e actuacións en público.
- Gardar silencio durante os ensaios e audicións.



- Realizar concertos co repertorio seleccionado para estudo e ensaio no conservatorio ou en salas de concerto alleas.

#### **9.6.3.1 Mínimos esixibles**

Os obxectivos mínimos son, o dominio mínimo de cada obxectivo correspondente a este curso.

#### **9.6.4 Recursos didácticos**

- Cadeiras e atrís
- Repertorio orquestral
- Aula que reúna as condicións axeitadas ó desenvolvemento da materia.
- Afinador.
- Equipamento audiovisual.
- Uso das TIC's (referencia pto.7)
- Equipamento audiovisual.
- Uso das TIC's (referencia pto.7)



## 10 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Seguindo as instrucións que se recollen no artigo 2º da orde do 8 de Febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música na Comunidade Autónoma de Galicia, e que indican que “[...]a avaliación terá un carácter formativo e orientador do proceso educativo e proporcionará unha información constante que permita mellorar tanto os procesos coma os resultados da intervención educativa[...]”, este departamento leva a cabo unha tripla avaliación: do proceso de aprendizaxe (que se desenvolveu no apartado correspondente de cada curso), da programación didáctica e da nosa labor docente.

O seguimento e avaliación das programacións será rexistrado por cada docente e tratado nas reunións periódicas do departamento, quedando constancia na acta daquelas desviacións e modificacións acordadas. Estas ideas e propostas de mellora serán incluídas na memoria final do departamento, xa que servirán de base para a elaboración da programación didáctica do vindeiro curso.

Por outra banda, a misión da Comisión de Coordinación Pedagóxica será a de garantir que as programacións didácticas dos distintos departamentos presenten coherencia secuencial entre todas elas, e indicar, se é o caso, as modificacións pertinentes que deberán ser realizadas polos departamentos.

Dende o Departamento de Percusión para avaliar a nosa programación didáctica teremos en conta os seguintes aspectos:

- **Obxectivos:** Adecuación ás necesidades específicas do alumnado e do Proxecto Educativo do Centro
- **Contidos:** Validez na súa elección con respecto aos obxectivos expostos e adecuación ao nivel do alumnado
- **Actividades:** Atención á diversidade das capacidades e adecuación aos intereses do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe
- **Criterios metodolóxicos:** A adecuación e coherencia dos mesmos
- **Os medios e recursos:** Avaliación dos criterios para a elección dos medios e recursos didácticos e a súa adecuación aos obxectivos propostos.
- **A avaliación:** Comprobarase a idoneidade e a adecuación entre criterios de avaliación, técnicas e procedementos, así como entre os criterios de avaliación, contidos e obxectivos
- **Alumnado:** A relación co alumnado, ademais do clima de convivencia e traballo.



## 11 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Do mesmo xeito que se indica no punto anterior, a avaliación do labor docente supón un dos tres elementos a avaliar dentro do noso sistema educativo xunto co proceso de aprendizaxe e a programación didáctica.

Será misión do profesorado realizar a análise dos datos que obteña trala avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados acadados.

Para levar a cabo este proceso contarase tamén coa análise das enquisas de satisfacción do alumnado como vía alternativa ás clases para obter datos directos relativos á súa función.

Nas reunións do departamento trataranse todos estes puntos ademais dos que o profesorado considere relevantes, sen descoidar aspectos como os recursos materiais e persoais dos que dispón o propio departamento para ofrecer unha ensinanza de calidade, trasladando á Comisión de Coordinación Pedagóxica todo aquilo que se estime oportuno.



## 12 ANEXOS

### 12.1 Probas de acceso a outros cursos do grao profesional (2º, 3º, 4º, 5º e 6º cursos)

#### 12.1.1 Normativa Xeral

*(Extracto do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música)*

Artigo 12º.- Acceso a outros cursos

Poderase acceder a calquera outro curso das ensinanzas profesionais sen ter cursado os anteriores sempre que, a través dunha proba, a persoa aspirante demostre posuír os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deberá regular o procedemento de acceso a calquera outro curso, que se axustará ao disposto nos puntos seguintes.

Esta proba constará de dous exercicios:

1 Interpretación, no instrumento, de tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte, e das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá una cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

2 Exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores a que se opte. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá una cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

A puntuación definitiva da proba citada nos puntos anteriores será a media ponderada da cualificación obtida en ambos os exercicios. Para estes efectos ponderarase o primeiro deles nun 70 por cento, e o segundo nun 30 por cento.

A superación da proba de acceso faculta exclusivamente para se matricular no curso académico en que fose convocada.

*(Extracto da Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música)*

#### Capítulo III. PROBAS DE ACCESO

Artigo 9º.-

Os/As aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e do xustificante da matrícula, así como das partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal. No caso de que a proba de acceso requira da participación dalgún tipo de acompañamento musical, ben sexa pianístico ou para música de cámara, este correrá a cargo do/a aspirante á praza.



### 12.1.2 Exame

Segundo o anteriormente exposto, o alumnado deberá interpretar fragmentos de pasaxes orquestrais propostos polo tribunal no momento da proba e que se corresponderán co nivel do repertorio traballado no curso inmediatamente anterior ao curso ao que se presenta o/a aspirante.

Os contidos específicos e criterios de avaliación desta proba serán os correspondentes ao curso inmediatamente anterior ao que se presenta o/a aspirante.

## 12.2 Folla de calibración para audicións e/ou probas instrumentais

Indicadores	Porcentaxe	Nota
Hábito postural e control da respiración	20 %	
Adecuación á partitura	20 %	
Calidade do son e/ou afinación	20 %	
Interpretación	25 %	
Actitude	15 %	